

AQUAL E ODS6


AQUAVENTURA

COA

CUADRILLA SOSTIBLE



QUE COMECE A AVENTURA PARA COIDAR O PLANETA!



Aqual e ODS6:
gardiáns incansables da
xestión do ciclo integral da
auga e do saneamento.

Mateo: na súa ansia por coidar da auga,
non deixará escorrer nin unha pinga. Aos
seus 9 anos as súas outras paixóns son o
fútbol, a tortilla de patacas e axudar aos
seus pais a fregar coa billa pechada.



Martina: firme defensora de
todos os seres vivos do planeta aos
que protexe e coida, porque sabe o
importante que é a biodiversidade.

Hugo: é o Aqua-Axente defensor de non
tirar toallíñas nin outros residuos ao inodoro.
Coidado con botar comida ou outra cousa
que non sexa papel hixiénico!



Son amigos, aman a natureza e teñen unha misión: protexer a auga e mellorar o noso mundo. Coñece aos nosos protagonistas



Daniela: de gran corazón e mente inqueda. Sempre vixiando que os plásticos vaian onde teñen que ir, ao seu contedor, nunca á natureza. Comunícase con Sostenito por medio dun mando a distancia.

Bruno: cos seus 8 anos Bruno é o Aqua-Axente máis novo do grupo, encántalle coidar da auga e lavar os dentes coa billa pechada para dar exemplo.



Lucía: aos seus 10 anos é unha apaixonada de saltar os charcos cando chove. O seu superpoder é ensinar a reutilizar a auga para coidar o medio.

Sostenito: simpático robot cuxa misión é ensinar a coidar o planeta de xeito sostible cos seus útiles e sabios consellos.



Despois da súa clase de **Axenda 2030** e **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible (ODS)**, Mateo, Martina, Hugo, Daniela, Bruno e Lucía imaxinan como salvar o mundo aforrando auga e protexendo os recursos naturais. Despois de observar o lixo tirado no patio deciden actuar e crear a **Cuadrilla Sostible**, xunto con **Aqual**, **ODS6** e o robot **Sostenito**.

Fagamos algo, cada pequeno xesto conta para mellorar a saúde do noso planeta.

Si!!!, podemos cambiar as cousas!!!

SABÍAS
QUE...?

A BIODIVERSIDADE É O CONXUNTO DE TODOS OS SERES VIVOS QUE HABITAN O PLANETA. CANTO MÁIS RICA É A BIODIVERSIDADE MÁIS POSIBILIDADES DE SUPERVIVENCIA TEMOS TODOS OS QUE VIVIMOS NEL.

Como premio á súa iniciativa, a Cuadrilla Sostible é invitada a participar na Aquaventura. Unha ruta a bordo do Aquabús que os levará a descubrir diferentes ecosistemas e como a xestión do ciclo integral da auga, co seu laborioso proceso, axuda a protexelos.



Listos,
rumbo á
sostibilidade!

Que ilusión!
Cantas cousas
imos aprender
sobre como coidar
o planeta e os
animais e plantas
que viven nel.

Viva a biodiversidade!

SABÍAS
QUE...?

GRAZAS Á XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA, CÓIDASE A SAÚDE DO PLANETA. A AUGA RECOLLIDA DO MEDIO NATURAL É TRATADA E CONVERTIDA EN AUGA POTABLE. E UNHA VEZ UTILIZADA, RECÓLLESE E DEVÓLVESE Á NATUREZA LIMPA.

6 FASES DA XESTIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA, 6 ECOSISTEMAS POR DESCUBRIR

No Aquabús, ODS6 preséntalle á cuadrilla os 6 ecosistemas que visitarán durante a ruta: montañas, polos, desertos, zonas húmidas, estepas e sabanas. En cada etapa poderán coñecer ademais cada unha das 6 fases da xestión do ciclo integral da auga.



Súmate ao reto! Misión:
Protexer a vida na Terra



Recicla, evita os plásticos, non malgastes a auga...
Hai moitas formas de protexer a biodiversidade!



SABÍAS
QUE...?

UN ECOSISTEMA É O CONXUNTO FORMADO
POLOS SERES VIVOS E OS ELEMENTOS NON
VIVOS QUE HABITAN UN LUGAR E A RELACIÓN
QUE EXISTE ENTRE ELES.

Primeira parada da Aquaventura: as montañas! Aquí é onde comeza a xestión do ciclo integral da auga. Nesta etapa a auga recóllese do medio (lagos, ríos, mananciais, mares...) e lévase ás estacións potabilizadoras ou desalgadoras para o seu tratamento.

SABÍAS QUE...?

UNHA MONTAÑA É UNHA ELEVACIÓN NATURAL CON UNHA ALTURA MÍNIMA DE 700 METROS; SE MIDE MENOS, CHÁMASE OUTEIRO OU LOMBA.



Se queremos coidar o planeta, hai que aprender a respectar a auga e non malgastala.



Non malgastedes a auga; se non temos coidado, un día destes abriremos a billa e non sairá nada.

Sen auga non hai vida.

Rumbo ao polo! Nesta etapa a nosa cuadrilla descubrirá un ecosistema rico en perigo polo cambio climático e a gran cantidade de plásticos que afectan á vida mariña. E na ETAP, Estación de Tratamento de Auga Potable, e a EDAM, Estación Desalgadora de Auga de Mar, descubrirán o enorme traballo de moitas persoas para converter a auga bruta en potable, ademais de controlar e tratar a súa calidade.



Vaites! Unha cría de león mariño enredada entre plásticos. Cuadrilla ao rescate!



Aquí tratamos a auga bruta e vixiamos a súa calidade: é parte da xestión do ciclo integral da auga, para que todo estea en equilibrio.

Protexer este hábitat é fundamental para preservar a vida e a saúde do planeta.

Usa menos plásticos, protexe o noso mundo.


SABÍAS QUE...?

OS POLOS SON ECOSISTEMAS MOI VALIOSOS PARA O PLANETA E SON FUNDAMENTAIS PARA A BIODIVERSIDADE.

Do polo ao deserto, o noso planeta é rico en vida e, grazas ao Aquabús, a Cuadrilla Sostible e os seus amigos percórrenos sen contaminar. Neste curioso hábitat natural, onde a auga escasea, é moi importante o seu almacenamento que se fai nuns grandes depósitos, onde se mantén e coida ata que é consumida en perfecto estado.

SABÍAS QUE...?

O DESERTO É UN LUGAR CON POUCA AUGA, ONDE CASE NUNCA CHOVE E OS RAIOS DO SOL SON MÁIS INTENSOS CA EN CALQUERA OUTRO SITIO.



A auga almacenada nestes grandes depósitos garante a vida das persoas que viven aquí.

Ei! Por que tirades a
froita ao lixo? Mesmo
golpeada aínda se
pode comer.

Non estragues a comida,
aprovéitaa!

Próximo destino: a zona húmida, onde a Cuadrilla Sostible coñecerá as características da fauna e flora deste espazo natural. E grazas ás explicacións dunha experta descubrirán a etapa da distribución na que a auga percorre a rede de tubaxes ata chegar á billa das nosas casas, colexios e hospitais.

Paramos a xantar!
Lembrede tirar
os refugалlos nos
colectores e lavar
os dentes.

Iso! E pechade
a billa mentres
os cepillades, así
aforramos auga.



A nosa misión é coidar a auga, vixiar e manter a rede de tubaxes para que esta chegue ao seu destino sen avarías nin fugas.

Vixía as fugas de auga e avisa se ves unha.

SABÍAS QUE...

AS ZONAS HÚMIDAS SON ÁREAS QUE HAI ENTRE OS ECOSISTEMAS TERRESTRES E OS ECOSISTEMAS ACUÁTICOS E TEÑEN POUCA PROFUNDIDADE. ADOITAN ESTAR ASOLAGADOS E PRETO DE RÍOS OU LAGOS.

Ao seu paso pola estepa, a Aquaventura amósanos que vivimos nun fermoso planeta que hai que coidar e que todos podemos facer algo por el. Un bo exemplo é o traballo que se realiza durante a etapa do saneamento. Nesta fase, a auga utilizada recóllese e transpórtase pola rede de sumidoiros ata as EDAR, Estacións Depuradoras de Augas Residuais, onde é depurada.

Sabiades que a auga que usamos se recolle polos sumidoiros e baixa pola rede de tubaxes ata os sumidoiros?

E de aí ata as EDAR.





SABÍAS
QUE...?

AS ESTEPAS SON TERRITORIOS
CON VEXETACIÓN HERBÁCEA
E CUN CLIMA EXTREMO,
DE VERÁNS CÁLDOS
E INVERNOS FRÍOS
OU MOI FRÍOS.

A Aquaventura está a piques de finalizar. Todos aprenderon que deben ser responsables coa natureza e que a sostibilidade, da que falan os ODS, consiste en coidar do planeta de maneira responsable e hai moitas formas de facelo. Mentres contemplan a sabana, a cuadrilla descubre a importancia que teñen as EDAR, Estacións Depuradoras de Augas Residuais, onde a auga utilizada é filtrada e depurada para ser devolta ao seu medio natural limpa e en boas condicións.



SABÍAS QUE...?

A SABANA É UN ECOSISTEMA ONDE O CLIMA É ÁRIDO E SECO E EXISTE POUCA VEXETACIÓN, QUE APARECE DISTRIBUÍDA DE FORMA IRREGULAR.

Nesa pequena Estación Depuradora a auga reinicia o seu ciclo.

E parte da auga pode ser reutilizada para outros usos, como regar.

Si, hai que reaproveitar cada pinga de auga.

Conservemos os ecosistemas! A nosa vida depende deles.

E como fin á súa Aquaventura, a Cuadrilla Sostible regresa ao colexio onde amigos e familiares organizaron unha festa de benvida. É hora de celebrar a biodiversidade e a sostibilidade e de poñer en práctica todos os bos consellos aprendidos.

Un planeta
san significa un
futuro próspero
e sostible.

CONSTRUAMOS ENTRE TODOS UN FUTURO MÁIS SOSTIBLE

COIDEMOS DA AUGA E DA NOSA BIODIVERSIDADE!

Móvete, coidar
o planeta e a auga
non é só cousa
de adultos!

Axudemos a protexer o noso mundo!



A
CUADRILLA SOSTIBLE
XUNTO A AQUAL E ODS6
POLA SAÚDE DO PLANETA

